

LEMBRANDO A FESTA DO ENTROIDO

(Polo Obradoiro de Memoria da Biblioteca Publica Municipal)

O Entroido era unha festa completa. Pola mañá facíase o traballo de fóra: collíase a herba ou o alcacer e mantiñanse as vacas pisando unas boas “bañadiñas” de toxo para deixar así o gando mantido e disponer da tarde libre, xa que ese día non había lindeiro.

Mentres tanto, na cociña, fervían as potas ou o pote có cocido do Entroido, pois, recenté como estaba a matanza do porco, alí ían a parar a cachola (reservada para a ocasión), o lacón, os chourizos (feitos na casa), a galiña (ben gorda, cando xa non poñía ovos), as patacas e os grelos, lembrando, antes de botar estes últimos sacar unha parte do caldo para facer unha sustanciosa sopa coa que escorrentar os fríos febreiros daqueles tempos.



Rapaza e nenos de Labacengos nos anos cincuenta.

Comíase a fartar, como se comía naquela época, e, tras o cocido, as torradas, as orellas e os freixós, todo feito có que daba a terra e se elaboraba na casa. Para as orellas, os ovos das galiñas, a fariña do trigo, a manteiga do leite, as raspaduras do

limón da horta e, como excepción, un grolíño de anís que, ese sí, xunto có azucre e o aceite, eran tal vez os únicos produtos que se mercaban na taberna para a ocasión. E, para os freixós, o caldo feito có entrecosto do porco, algún ovo, a fariña, e, agás o gusto de cada un, un grolíño de anís ou non. Os vecinos colaboraban entre sí e, así como había rapaciñas que ían ás casa das veciás a estirarlles a masa das orellas porque tiñan especial destreza nese cometido, outros adicábanse a facer freixós polas casas, onde botaban a tarde enteira, diante a portela do forno, coa prancha freixoeira de cinco moldes enriba das brasas.

Sí, era aquel un banquete de reis para nós. Despois de todo, era a hora de Don Carnal, e xa chegaría Dona Coresma, extendida a boa parte do ano cando tocase ao seu fin a carne do porco.

E entón chegaba para a xuventude a hora de disfrazarse. Sen normas, nin regras, nin unha administración que organizase a diversión marcando datas, horas e lugares, a xente nova, que había por rabaños, saíamos polos arredores vestidos coas roupas vellas que acadábamos nas huchas e nos faiados das casas, ou que prestábamos uns a outros. E, por unas horas, saíamos de nós mesmos, trastocando as identidades, os homes trocándose en mulleres, e as mulleres en homes, sen pararse a afondar nas razóns subconscientes polas que ese simple feito se convertía nunha diversión suprema para todos. E desta guisa, agochados tras as máscaras do anonimato, saíamos aos camiños, onde nos metíamos cós desprevidos parroquiáns que por eles transitaban e íamos a petar ás portas das casas, emocionados de poder gastar bromas aos de dentro de xeito impune, ao tempo que, correndo cantos, ulos, beliscos e outras falcatruadas, degustábamos os freixós e as orellas que nos ofrecían. Mentres, os donos trataban de adiviñar quen se agochaba tras os disfraces, fixándose nos xestos e facéndonos falar coa nosa voz en falsete, nun xogo de ocultación emocionante onde os houbera. E logo marchábamos, triunfantes cando conseguíamos sair sen ser recoñecidos. Pero era mester andar con coidado, porque ás veces tras de nós partían espías para escoitarnos falar polo camiño e descubriarnos.

Pero moito ollo con tropezar coa Garda Civil, pois levar a cara tapada estaba prohibido naqueles anos da posguerra, anque fose en tempo de Entroido e por esa razón os mozos e mozas que xa estaban en idade, asistían aos bailes nos locais da zona, pero nunca coa cara oculta por unha máscara.

E así é como lembramos os entroidos nas aldeas do noso concello naqueles anos tan duros pero tan felices.